

ACTIVIDADE: MANDALA SISTEMA NERVIOSO

Supoño que tod@s nalgún momento escoitáchedes falar dos mandalas ou mesmo pintáchedes algún. O feito de pintar mandalas está considerado como unha técnica de relaxación oriental. A miña proposta de hoxe é que pintedes o mandala que aparece a continuación e que está relacionado co tema do Sistema Nervioso que vimos na clase.

Imos ir un pouco máis aló e non soamente ides pintar senón que podedes en marcha a vosa área cerebral da creatividade.

Esta actividade está composta de 3 partes:

1. Pintar o mandala. Hai un hemisferio cerebral que xa aparece coloreado, podedes imprimilo a cor e deixalo así ou ben imprimilo en branco e negro e colorealo, repásalo, ou o que queirades facer con esa parte do cerebro.
2. Cos seguintes termos tedes que escribir un pequeno texto relacionándoos. Este texto pode ser todo o creativo que queirades, podedes inventar unha canción, adaptar unha canción e cambiarlle a letra, escribir unha historia, un conto, unha poesía...
Podedes variar os termos en canto a empregar plurais ou derivados deses termos.
Termos: estímulo, resposta, sinapse, materia gris, hemisferio.
3. Na parte do cerebro que xa está coloreada, onde aparecen marcados os sucos cerebrais, utilizade cada unha desas ramas para escribir termos relacionados coas partes do SN ou das emocións, intelixencias, etc... teñen que aparecer polo menos 10 termos diferentes aos que vos dou no punto 2 e que teñan relevancia no SN. Buscade unha relación entre eles, tampouco escribades por escribir (por exemplo, o nome de todas as partes do encéfalo. E non empezar con iso e de pronto saltar ao SNP).

Todas as actividades teñen que estar feitas na mesma folla, por iso vos poño o mandala en horizontal, para que nun lateral escribades o que fagades no punto 2. Con todas as actividades que entreguedes faremos unha expo virtual no blogue.

Se algún de vós non ten posibilidade de imprimir a actividade pode debuxar o mandala (co deseño que queira) e logo pintalo.

A data de entrega é o venres 24 de Abril, polo que ata ese día non vos colgarei actividades novas. Posiblemente o mércores 22 de Abril fagamos clase online a través de Webex para ver como vos vai e resolver as dúbidas que teñades co desenvolvemento do trimestre, pero iso volo confirmo o luns a través do blogue. Estade atent@s!

